



Suicidio e enfermidade mental

Alejandro Rocamora Bonilla¹

O suicidio é un misterio e a enfermidade mental tamén. De ambas as realidades descoñecemos a etioloxía e ambas son multicausais. Mais, que relación existe entre elas?, todas as persoas que se suicidan padecen unha enfermidade mental?, que podemos facer ante unha persoa que padece unha enfermidade mental e refire unha conduta suicida?, soamente se suicidan os que padecen unha enfermidade mental? Son preguntas que terán adecuada resposta nas seguintes páxinas.

O suicidio

O suicidio é unha vivencia complexa, multidimensional e multicausal. Non podemos, pois, centralo todo nun só estresor (vivencia da pandemia, morte dun fillo etc.). Ademais hai que admitir que a conduta suicida é poliédrica, con diferentes caras: biolóxica, social, psicolóxica, situacional, ética e, ás veces, pode aparecer un acontecemento estresante: o desencadeamento do acto suicida. Sería un reduccionismo se declararmos que unha persoa se suicidou polo seu diagnóstico de cancro terminal ou pola súa ruptura sentimental, ou por padecer unha enfermidade psiquiátrica, por pór soamente tres exemplos. Iso si, podemos afirmar que toda vivencia estresante pode ser un factor coadxuvante que nos leve ao suicidio. É falso, pois, afirmar que tal persoa se suicidou por esta ou outra causa;

¹ Alejandro Rocamora Bonilla é psiquiatra, profesor do Centro de Humanización da Saúde (CEHS) e ex-profesor de Psicopatoloxía na Facultade de Psicoloxía da Universidade Pontificia Comillas. Membro fundacional do Teléfono da Esperanza e vicepresidente da Asociación de Investigación, Prevención e Intervención do Suicidio (AIPIS) en España.